


# Wiwolta



ALÁ VAI  
O 2º

E NON  
HAI DOUS  
SEN TRES!!

prensa  
escolar  
nº 2


• Editado polos Colexios de E.X.B. de Ares, Franxa e Mugardos e polo Insti. de Bacharelato de Mugardos. • Patrocinado pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

# NOVIDADES

"Lucky Luke  
e os Dalton"  
¡En galego!





## NOVOS TITULOS



PREMIO MERLIN 1991



FINALISTA PREMIO MERLIN 1991



A forza dos lectores

XERAIS



... ¡Xa van dous!, e, como di o refrán: "Non hai dous sen tres". Este polo menos é o desexo da comunidade educativa de Ares-Mugardos que, por segundo ano consecutivo, continúa coa acometida de actividades conxuntas.

Neste curso (91-92), ademais da programación de actividades propia de cada centro (antroído, Letras Galegas, intercambios, excursións, ...) o CP "Santiago Apóstol" de Franza, o CP "Conde de Fenosa" de Ares, o CP "Unión Mugardesa" e o I.B. Mugardos desenrolamos en conxunto as seguintes actividades: II Concurso de Postais de Nadal, II Campeonato de Fútbol Sala, Xadrez e Xogos de Mesa e edición do número 2 de "VIRAVOLTA". Nas páxinas desta revista encontraredes máis ampla información do concurso de postais e do campeonato, inda que convén destacar desde esta editorial o aumento da participación do alumnado, da colaboración dos pais de alumnos e institucións locais.

Polo que se refire a "VIRAVOLTA", observaredes que a presentación non se parece á do 1º número. Este ano, coa experiencia adquirida coa edición anterior, decidimos que o método artesanal que empregamos-lo curso pasado na confección da revista tiña que ser substituído para poder ofrecer unha mellor calidade de impresión que facilitara a lectura.

Tedes que coñecer quen fai posible que esta revista está nas vosas mans: a aportación económica débese á Dirección Xeral de Política Lingüística, tamén colaboran os Concellos de Mugardos e Ares, Edicións Xerais, Banco Pastor e APAS dos centros; en canto á confección dos traballos, detrás dos nomes dos autores, xeralmente hai alguén máis ..., os profesores, que dirixen, orientan e sempre están ahí, preto dos rapaces.

E xa máis nada, preparádevos a ler e obté-lo mellor partido destas páxinas que tendes nas man; se pasades un bó momento con elas sentiríamonos todos moi satisfeitos.

NOTA. Quen, no nome da Comunidade Educativa representada nesta revista, asina esta editorial, próximo xa o 30 de xuño, data na que remata o seu nomeamento como directora do I.B. Mugardos despois de 4 anos, quer agradecer a colaboración que lle prestaron TODOS (si, ¡todos!) e que espera continúe a darse á nova dirección que, unha vez elexida polo Consello Escolar, rexirá o centro durante tres anos.

Mugardos, 20 de maio de 1992

## DIA DAS LETRAS GALEGAS

### Fermín Bouza Brey: Un grande home

Foi un erudito poeta galego, nado en Ponteareas (Pontevedra) o 31 de marzo de 1901.

Estudou Dereito e Filosofía e Letras na Universidade Compostelana, doutorándose en Madrid.

Ingresou na carreira xudicial e foi maxistrado en Santiago, Lérida e Pontevedra e na Territorial de Oviedo.

En 1923, sendo estudante en Santiago, e, con motivo da visita á casa de Ortoño, onde viviu Rosalía de Castro, concibe con outros compañeiros galegos a Fundación do Seminario de Estudos Galegos, no que desenrolan unha intensa labor, continuada logo na sección de Arqueoloxía e

Prehistoria do Instituto Padre Sarmiento.

A súa principal actividade literaria levouna a cabo coma poeta en NAO SENLLEIRA (ed. NÓS, Santiago).

Na revista NOS traballou moitos anos coma poeta erudito.

Despois da guerra publicou o seu segundo libro de versos, SEITURA (Braga).

Na colección LAR podemos ler un breve relato: "Cabalgadas de Salnés".

Das súas obras, a que probablemente quedará coma un fito na historia da literatura galega, será a súa primeira obra: NAO SENLLEIRA.

Bouza pódese considerar



xefe da poesía neo-troadora: escasas e tímidas

aproximacións á técnica e ó espírito dos Cancioneiros Medievais Galego-portugueses, levados a cabo por algúns escritores anteriores a el, pero sen anular

o feito de que foi el o primeiro en darlle un certo sentido.

Bouza procurou beneficiar á súa xente sobre os achados da poesía galega medieval, en especial os Cantares de Amigo.

A poesía de Bouza Brey caracterízase polo rico e selecto do seu vocabulario, pola atención que lle presta á eufonía das palabras e dos versos, polo amplo e coadadoso da melodía.

De grande importancia son os seus Estudos Bíblicos sobre autores galegos do século XIX, especialmente os relatos de Rosalía de Castro.

Bouza Brey tamén é autor da edición crítica dos Cantares Galegos de Rosalía, publicado en Vigo en 1963.

Abarcou con coñecemento as máis diversas ciencias do saber humanístico, con-

verténdose nun dos máximos eruditos da bibliografía galego-contemporánea.

Desenrola desde a súa xuventude unha gran actividade investigadora poñendo como meta e estímulo a súa querida terra: Galicia.

En 1929 viaxa a Bretaña e catro anos máis tarde a Portugal onde toma relacións con investigadores que habían continuar ata a súa morte, chegando a ser un dos intelectuais máis estimados no veciño país.

Os seus estudos de altura internacional reclamaron a súa presenza en numerosos congresos, sendo vocal de algún deles.

Froito de tódolos seus méritos, mereceu ser membro de moitas corporacións artísticas: Foi membro numerario da Real Academia Galega, da Sociedade Espa-

ñola de Antropoloxía e Etnografía, do Instituto Nacional de Antropoloxía de París, da Sociedade Xeográfica de Lisboa da Asociación de Arqueólogos Portugueses, da Sociedade "Martín Sarmiento" de Ximaræ, do Inst<sup>o</sup> Histórico de Minho, da Sociedade de Folklor de Brasil, Inst<sup>o</sup> Arqueolóxico Alemán e da Academia Portuguesa da Língua.

A súa tarefa investigadora dirixiuse principalmente ós seguintes campos:

Prehistoria e Arqueoloxía.- Escribiu, xunto con López Cuebillas, a Bibliografía da Prehistoria Galega, Prehistoria e Folklor de Barbam, os Oistrimnios, a Civilización Neo-eneolítica Galega.

Epigrafía e Numismática.- Coma epigrafista destaca coa súa aportación o Corpus de "Inscripción Romana de

Galicia".

Historia.- Non deixou de estudar ningunha etapa da nosa historia.

Arte.- Neste campo efectuou investigacións sobre o Preromano Galego.

Etnografía.- Non deixou de estudar e investigar, en ningún aspecto, a nosa antropoloxía cultural.

Finou en Santiago de Compostela ó 11 de xuño de 1973.

Polo seu saber, coñecementos, por canto fixo polo legado que nos deixou para os que queremos coñecer e amar máis a nosa terra, merece toda a admiración e agradecemento de cantos habitamos este fogar de Breogán.

Franza a 17 de maio de 1992  
Rodó García López  
Alumna de 7<sup>o</sup> de E.X.B.

Nestes pobos galegos  
temos que recordar  
a un gran escritor  
que un día lle imos adicar.

Temos que estudar  
a súa vida e investigacións  
para un día de maio  
darlle gracias polas súas narracións.

Bouza Brei  
escritor e narrador  
estudou a moita xente  
que fixo un gran labor.

Un escritor galego  
pouco homenaxeado  
pero nestes días  
será moi recordado.

David García Martínez Nº 6 Cº 7B  
"Conde de Fenosa"

#### DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O galego escritor  
deste ano o mellor  
Bouza Brey poeta  
co seu libro Nao Senlleira  
adicámosche este ano  
do Día das Letras Galegas.  
Déchesnos cultura  
ca túa obra "Seitura"  
Prehistoria, Arqueoloxía  
Numismática, Epigrafía  
dicámosche adeus  
no setenta e tres cun pano  
pero, Bouza Brey:  
¡Este é o teu ano!

A. Cristina García Parga  
"Conde de Fenosa" 7ºB

Se es de Galicia  
ou se vives aquí  
as Letras Galegas  
haias que vivir.  
Recordamos a Rosalía  
recordamos a Pimentel  
e coma non, este ano  
a Fermín Bouza Brei.  
O Día das Letras Galegas  
recordamos os escritores  
que polo seu labor  
fixeron do galego  
un idioma mellor.  
Cando meus pais  
eran pequenos  
o galego non  
lles deixaban falar  
porque daquela ós que  
o falaban tratábanos  
de pailáns.

Javier Abeal Riveiros 7º A  
"Conde de Fenosa"

Miñas Letras Galegas  
letriñas do meu querer  
autores que non coñezo  
e quero coñecer.

A Fermín Bouza Brei  
este ano se lle adica,  
e tódolos nenos e nenas  
cantaremos algunha cantiga

A súa tarefa investigadora  
foi moi seguida por nos  
Prehistoria, Arqueoloxía,  
Historia, Arte e Etnografía.

Estudou Filosofía e Letras,  
era o xefe neotrobador,  
a súa obra "Nao Senlleira"  
escribiuna con gran amor.

Concebiu a fundación do Seminario,  
desenrolou un activo labor,  
morreu en Santiago  
o noso gran autor.

"Día das L. Galegas  
Fermín Bouza Brei-92"

Inés Mª Pemuy Díaz 7ºC  
"Conde de Fenosa"

# ¡XA ESTÁ AQUÍ!

Si, xa chega, ¡e nos crendo que non ía chegar tan cedo ...!

Axiña teremos que prepararnos para recibila, coñecela e, a ser posible, facer amizade con ela.

A verdade é que a chegada dunha personalidade semellante tería que prepararse mellor.

Para os despistados, quen esta a chegar e .....

iiii A REFORMA !!!!!

¿Sabedes cando chega?

Inda que xa mandou unha embaixada neste curso (a Educación Infantil de 3 a 6 anos), o curso próximo fará unha das súas espectaculares entradas.

Pero non creades que será a única.

Velaquí como se vai produci-la chegada da Reforma e a quen vai substituír.

| IDADE | O QUE VAI VIR    | O QUE VAI VIR           | CANDO CHEGA | TITULO             |
|-------|------------------|-------------------------|-------------|--------------------|
| 3-6   | PREESCOLAR       | EDUC. INFANTIL          | 91-92       |                    |
| 6-7   | 1º EXB           | 1º ED. PRIMARIA         | 92-93       |                    |
| 7-8   | 2º EXB           | 2º ED. PRIMARIA         | 92-93       |                    |
| 8-9   | 3º EXB           | 3º ED. PRIMARIA         | 93-94       |                    |
| 9-10  | 4º EXB           | 4º ED. PRIMARIA         | 93-94       |                    |
| 10-11 | 5º EXB           | 5º ED. PRIMARIA         | 93-94       |                    |
| 11-12 | 6º EXB           | 6º ED. PRIMARIA         | 93-94       |                    |
| 12-13 | 7º EXB           | 1º ESO                  | 94-95       |                    |
| 13-14 | 8º EXB           | 2º ESO                  | 94-95       |                    |
| 14-15 | 1º BUP ou 1º FP1 | 3º ESO                  | 95-96       |                    |
| 15-16 | 2º BUP ou 2º FP2 | 4º ESO                  | 96-97       | GRADUADO           |
| 16-17 | 3º BUP ou 1º FP2 | 1º BACHARELATO ou 1º FP | 97-98       |                    |
| 17-18 | COU ou 2º FP2    | 2º BACHARELATO ou 2º FP | 98-99       | BACHAR/<br>TECNICO |

Existirá tamén unha Formación Profesional de grao superior á que se accederá co título de Bacharel; implantarase gradualmente ata o curso 1999-2000.

### ¿ONDE SE VAN IMPARTIR-LOS DISTINTOS NIVEIS DO NOVO SISTEMA EDUCATIVO?

Non se sabe. En cada localidade pódese dar unha solución diferente aproveitando os actuais centros de EXB, BUP e FP. Sábese que os catro cursos da ESO (Ensinanza Secundaria Obrigatoria) impartiranse no mesmo centro.

### ¿QUEN VAI IMPARTIR-LOS DITOS NIVEIS?

Educación Primaria: actuais profesores de EXB.

ESO: profesores licenciados. Durante un período de 10 anos os actuais profesores de EXB poderán impartilo 1º ciclo (1º e 2º de ESO)

Bacharelato: profesores licenciados

Formación Profesional: profesores licenciados e profesores técnicos de F.P.

Covadonga R. Moldes e  
Alejandro Porto  
Profesores do I.B. Mugarzos



### Enquisa cos rapaces de 8º

Pregunta: ¿Qué lingua empregan os rapaces/as de 8º normalmente?

|                             | GALEGO | CASTELÁN | AS DÚAS |
|-----------------------------|--------|----------|---------|
| 1. Cos compañeiros da clase | 1,9%   | 56,6%    | 41,5%   |
| 2. Cos profesores           | 1,9%   | 9,43%    | 88,67%  |
| 3. Cos veciños maiores      | 20,75% | 30,18%   | 49,05%  |
| 4. Cos veciños rapaces      | 0%     | 83,01%   | 16,98%  |
| 5. Cos avós                 | 28%    | 32%      | 40%     |
| 6. Cos pais                 | 5,66%  | 52,83%   | 41,5%   |
| 7. Cos descoñecidos         | 1,8%   | 88,68%   | 9,43%   |

C.P. "Conde de Fenosa". Alumnos 8º



# TARXETAS DO NADAL

Bases do concurso, motivación, ilusión ... mans á obra ...

Ducias de pícaros, centos de nenos e nenas, verdadeiros

picassos, renoires, velázquezes ...  
aprestábanse ó reto de superarse  
diante da convocatoria que se lles  
facía.

Estreliñas, purpurina, lápices de  
cores, ceras ... todo tipo de materiais  
espallados por riba dos pupitres.

Preto de 150 tarxetas foron selec-  
cionadas, das casi 1500 que se con-  
feccionaron, nunha primeira ronda.

Posteriormente, un xurado integra-  
do por mestres dos catro centros pú-  
blicos, representantes das APAS dos  
mesmos e dos Concellos de Ares e  
Mugardos, víronse en serios apretos  
para otorgar a cada un dos distintos  
níveis un primeiro, segundo e terceiro  
premios.


De clasicismo ó cubismo, pasando  
polo modernismo e realismo, tódolos  
estilos e escolas aparecían represen-  
tadas naqueles traballos. Mesturábanse  
alí imaxes froito do recordo e as máis  
imaxinativas futuristas imaxes.

Aquí, ferintes cromatismos petaban na vista,  
alí doces, difuminadas cores eran sedante e acougo.

Cunha maior participación, o alumnado de BUP  
presentou traballos a plumiña con tinta china  
en interesantes motivos que mereceron  
especial atención.

Todas, en realidade merecían premio - ¡cantas  
quedarían en cada colexio que o merecesen!-  
pero había que se decidir por tres. Con máis  
ou menos acerto, o resultado foi o seguinte:

|                    |   |  |
|--------------------|---|--|
| Preescolar: 3 anos | 1º premio: Mónica<br>2º premio: Lucas Cudillero<br>3º premio: Noemí Dopico                | U. Mugardesa<br>Ares<br>Ares           |
| Preescolar: 4 anos | 1º premio: Elisa<br>2º premio: Alberto Martínez<br>3º premio: Genaro Taboada              | U. Mugardesa<br>Ares<br>Ares           |
| Preescolar: 5 anos | 1º premio: Carolina Martínez<br>2º premio: Mª Teresa Blanco<br>3º premio: Raquel Martínez | U. Mugardesa<br>U. Mugardesa<br>Franza |
| Primeiro curso     | 1º premio: Natalia Bello<br>2º premio: Patricia Otero<br>3º premio: David Romero          | U. Mugardesa<br>Ares<br>Franza         |
| Segundo curso      | 1º premio: David Lorenza<br>2º premio: José M. Núñez<br>3º premio: Diana Varela           | Ares<br>Franza<br>Franza               |
| Terceiro curso     | 1º premio: José A. Cortizas<br>2º premio: Nazario Lledo<br>3º premio: Mª Vanesa Bretón    | U. Mugardesa<br>Ares<br>Franza         |



|               |  |  |
|---------------|--|--|
| Cuarto curso  | 1º premio: Carlos Criado<br>2º premio: Cristina Pazos<br>3º premio: Roberto Cobelo   | U. Mugardesa<br>U. Mugardesa<br>Franza |
| Quinto curso  | 1º premio: Silvia Pérez<br>2º premio: Ana Belén Lestón<br>3º premio: Sergio López  | U. Mugardesa<br>U. Mugardesa<br>Franza |
| Sexto curso   | 1º premio: José A. Vilarinho<br>2º premio: Verónica Gaitero<br>3º premio: Javier Escibano                                    | Franza<br>U. Mugardesa<br>Ares         |
| Séptimo curso | 1º premio: Job Sánchez<br>2º premio: Noelia Vizoso<br>3º premio: José F. López   | Ares<br>Franza<br>Ares                 |
| BUP           | 1º premio: Sonia Rodríguez (3º) Instituto<br>2º premio: Emma Romero (2º) Instituto<br>3º premio: María Toimil (2º) Instituto |  |

As tarxetas premiadas foron expostas en cada un dos centros educativos durante dous días.

Mención especial á exposición presentada en Franza pola artística montaxe realizada polo alumnado, baixo a dirección do Profesor Juan Francisco Bouza.

Entregáronse os premios ós alumnos públicamente, coa presenza dos compañeiros de colexio e de Profesores representantes de cada un deles.

Felicítamos a tódolos alumnos participantes, en especial ós premiados e animámoslos a que o vindeiro ano resulte, alomenos, tan brillante e exitosa coma o presente.

Noraboa, pois, a todos.

# A CONQUISTA ESPIRITUAL DE AMERICA

Co gallo da celebración do V Centenario do Descubremento de América, véñense publicando moreas de artigos, libros, etc. sobre diversos aspectos da Conquista de América. Estes abranguen temas militares, políticos ou sociais; pero moitos menos falan do aspecto relixioso. Dúas pinceladas sobor deste tema pretenden dar unha idea do que



Robert Richard chamou a "Conquista espiritual".

Xa desde o século XVI a palabra "conquista" repuganaba. O padre Las Casas e as "Instrucciones" de 1556 abogaban polo desterro do termo, substituíndoo polo de "pacificación" ou "población". No exército español, a "hueste" estaba formada tamén por sacerdotes con gran influencia nas decisións dos capitáns, pero os abusos foron continuos e axiña xurdiron voces en defensa dos indios. Unha das máis fortes foi a de Bartolomé de las Casas. Este cría firmemente na persuasión do indíxena por medio da doutrina cristiá, pero contaba coa oposición dos "encomenderos" (propietarios de terras nas que traballaban os indios) que temían ficar sen a man de obra indíxena se Las Casas seguía coa súa teoría.

A utopía deste frade sobor da evanxelización pacífica víuse truncada en numerosas ocasións, pero os seus escritos serviron para dar a coñecer

a todo o mundo o trato que daban os españois ós indíxenas e para, en consecuencia, atemperar as condutas violentas.

## Métodos e Pedagogía da evanxelización

As misións foron as pioneiras na evanxelización e penetración en busca de terras que deron lugar a aglomeracións de mestizos. Os métodos de cristianización baseábanse en dúas fórmulas: método vertical e método de capilaridade. O primeiro consistía en converter ós xefes ou caciques en primeiro lugar e posteriormente o exemplo pasaría ó pobo; tamén entraba aquí a educación cristiana dos nenos nobres (algo similar foi utilizado polos romanos durante a conquista de Gallaecia como sistema de captación dos pobos célticos).

O segundo método

consistía na convivencia e o trato diario e mutuo, desenrolado e fomentado pola Corona.

En canto á pedagogía utilizada na cristianización, case infantil, procurábase aproveitar ó máximo a adaptabilidade do indíxena ó seu propio medio, folclore, etc. Predominaban os libros con moitas ilustracións referentes á doutrina e as representacións teatrais, así como a música. O éxito desta forma de ensino foi tan grande que houbo que prohibir ós indios que armaran trompeteirías nas igresas durante as representacións relixiosas.

## A Cristianización según os vencidos

A supresión das relixións nativas foi unha das máis grandes imposicións


dos españois ós vencidos. Estes coinciden en sinalar que a súa derrota debeuse ós poderes sobrenaturais dos españois, que axudados pola Virxe e por Santiago eliminaron a resistencia indíxena e que, polo tanto, os deuses dos españois eran máis poderosos que os autóctonos. Esta atribución servía tamén en parte, para salva-lo honor militar do vencido.

Os autores indíxenas, Huaman Poma de Ayala sobor de todo, critican a contradición entre o que predicaban os españois e o que estes facían na vida cotián. Lóubase o cristianismo pero atácase a falsidade dos que representaban esta relixión.

## Conclusión

A comunidade indíxena foi perdendo as súas terras paseniñamente e con elas a súa independencia e identidade; o indio vai perdendo tódolos resortes da súa vida, tanto material como espiritual e a postura final será a de desmoralización resignada e pasiva.

En resumo, eran xentes ás que a súa vida social, espiritual e económica foi esnaquizada.!



por Juan A. Carneiro Rey  
Profesor de Historia do I.B.  
Mugardos

# Encontros intercentros de xadrez, damas, parchís e fútbol sala

Durante seis xornadas, disputouse unha emocionante e interesante competición entre os equipos dos Colexios Públicos de Ares, Franza, Mugardos e I.B. de Mugardos, na que puidemos disfrutar de emocionantes encontros.

Esta competición ven de ser continuación da do ano pasado, coa ampliación de damas, parchís e fútbol sala feminino; esperamos que no vindeiro curso se manteña e se amplíe.

Hai que destacar a gran deportividade de tódolos participantes, e mallo gran espírito de sacrificio, con especial mención as rapazas que souberon manter a emoción ata o derradeiro partido, no que con bastantes ventaxas para acadalo primeiro posto de fútbol sala polas rapazas de Franza, aínda que dependía do resultado.

Noraboa a tódolos/as participantes e tamen aqueles que por unha ou outra causa non poideron participar.

O agradecemento a algunhos pais e nais de alumnos pola súa colaboración e axuda, así como a todas aquelas persoas que dun xeito ou doutro fixeron posible este campionato e os premios que se reparten.

¡ANIMO E A SEGUIR!

## FUTBOL SA CLASIFICACION XERAL CATEGORIA FEMININA

| CENTRO                  | X | G | E | P | GF | GC | PT | CL |
|-------------------------|---|---|---|---|----|----|----|----|
| C.P. "Santiago Apóstol" | 6 | 4 | 2 | 0 | 21 | 8  | 10 | 1ª |
| C.P. "Conde de Fenosa"  | 6 | 4 | 1 | 1 | 22 | 10 | 9  | 2ª |
| C.P. "Unión Mugardesa"  | 6 | 1 | 1 | 4 | 4  | 12 | 3  | 3ª |
| I.B. "Mugardos"         | 6 | 1 | 0 | 5 | 6  | 23 | 2  | 4ª |

## CATEGORIA MAIORES

| CENTRO                  | X | G | E | P | GF | GC | PT | CL |
|-------------------------|---|---|---|---|----|----|----|----|
| I.B. "Mugardos"         | 6 | 6 | 0 | 0 | 63 | 15 | 12 | 1ª |
| C.P. "Conde de Fenosa"  | 6 | 3 | 0 | 3 | 33 | 25 | 6  | 2ª |
| C.P. "Unión Mugardesa"  | 6 | 2 | 0 | 4 | 20 | 51 | 4  | 3ª |
| C.P. "Santiago Apóstol" | 6 | 1 | 0 | 5 | 14 | 39 | 2  | 4ª |

## CATEGORIA PEQUENOS

| CENTRO                  | X | G | E | P | GF | GC | PT | CL |
|-------------------------|---|---|---|---|----|----|----|----|
| C.P. "Conde de Fenosa"  | 4 | 4 | 0 | 0 | 27 | 5  | 8  | 1ª |
| C.P. "Unión Mugardesa"  | 4 | 2 | 0 | 2 | 10 | 16 | 4  | 2ª |
| C.P. "Santiago Apóstol" | 4 | 0 | 0 | 4 | 3  | 19 | 0  | 3ª |



## XADREZ

- 1º Clasificado "C.P. CONDE DE FENOSA"
- 2º Clasificado "C.P. SANTIAGO APOSTOL"
- 3º Clasificado "C.P. UNION MUGARDESA"

## PARCHIS

- 1º Clasificado "C.P. SANTIAGO APOSTOL"
- 2º Clasificado "C.P. CONDE DE FENOSA"
- 3º Clasificado "C.P. UNION MUGARDESA"

- 1 - Xadrecistas en acción
- 2 - Campeonas Fútbol Sa (Franza)
- 3 - Campeones Fútbol Sa (pequenos de Ares)
- 4 - Campeones Fútbol Sa (maiores do Instº Mugardos)
- 5 - Subcampeones (pequenos da Unión Mugardesa)





## entrevista ó Padre Calo

O Padre Calo é unha gran figura no campo da musicoloxía.

O Padre López-Calo é licenciado en Filosofía pola Universidade de Comillas; en Teoloxía pola Facultade Teolóxica de Granada; Dr. en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago; licenciado en Música Sagrada pola Escola Superior de Música Sagrada de Madrid; en Musicoloxía polo Pontificio Instituto de Música Sagrada de Roma e Dr. en Musicoloxía en dito Instituto.

A pesar de estar moi ocupado, aceptou a miña proposta de ser entrevistado para a revista "VIRAVOLTA", do I.B. de Mugardos, respondendo amablemente a unhas preguntas.

Cando cheguei á súa casa, encontréno correxindo as probas do arquivo de música da catedral de Granada, para o seu próximo libro: "Catálogo del archivo de música de la catedral de Granada".

**~ A súa vocación de sacerdote, ¿viña xa desde que era neno ou comezou a partir da súa adolescencia?**

A miña vocación: sí, viña desde neno. A mín colléume a guerra civil e a República, e tiveron que ir á "mili". Ó rematar a "mili", fúnme xa para o Seminario. Tres anos máis tarde, tiveron a vocación de Xesuíta, e metínme Xesuíta.

**~ Uns anos máis adiante, no Pontificio Instituto de Música Sagrada de Roma, vostede recibiu formación musicolóxica de Mons. Higinio Anglés, un dos máis importantes musicólogos españois e universais. ¿Qué recordos ten**

**desa época?**

*Tefío moitos recordos, moitos.*

*Mons. Anglés era un home cunha personalidade extraordinaria. Era un santo. Viviu santo e morreu santo. Eu, acompañéino na hora da súa morte.*

*Logo, uns dos recordos máis notables daquela época, foi a posibilidade de asistir a concertos. Puiden oír moi bós cantantes. Foi un mundo moi interesante. Logo, unha experiencia única: poder viví-lo arte, a historia, o que significa Roma. Roma é a cidade cos máis grandes monumentos do mundo: Coliseo, Capitolio, Arcos do Triunfo, grandes basílicas romanas ...*

*Estiven moitos anos de conselleiro da Radio Vaticana e conselleiro do Papa. Souben aproveitar moi ben as ensinanzas.*

*Eu pasaba días nas bibliotecas de Roma.*

*Tiven un gran contacto con personalidades de todo o mundo. Estiven en relación íntima con as máis grandes personalidades mundiais.*

**~ Creo que foi en 1973, cando foi nomeado mestre da Universidade de Santiago. Estar en Santiago, ¿axudóulle moito nas súas investigacións?**

*Sí, moito. A mín, lóxicamente, interesóume moito a música galega. Desde 1955, empecei a publicación de artigos sobre a música galega. Foi moito máis fácil traballar estando en Santiago.*

**~ ¿Cal foi o traballo que máis lle custou rematar?**



*Seguramente que o Gran Diccionario da Música Hispana; e, aínda me está custando, pero, non é polo traballo, senón porque estou moi ocupado.*

*Tamén foi moi duro de rematar un libro que publiquei en Londres. Aquel libro custóume moito traballo.*

*Houbo dúas obras que tamén me custaron moito traballo: "La música medieval en Galicia" "La Historia de la música española en el s. XVII"*

**~ O pasado ano, o Goberno Galego concedéulle a "Medalla Castelao", ¿qué sentiu cando recibiu a noticia?**

*Ó largo dos anos, concedéronme tantas distincións, que casi casi, dixen eu: "unha máis".*

*Debo dicirche, que para unha persoa coma mín, cunha idea moi clara do que quere, que lle recoñezan o traballo, non lle inflúe demasiado.*

*Eu fago o mesmo que Bach. Este gran compositor, dixo unha vez: "Se eu complexurase para dar gusto ós demais e a miña música non lles gustase, podería sentirme fracasado; pero como eu compoño para mín, non podo queixarme se a miña música non lles gusta ós demais"*

*E eu tamén, eu fago os meus libros como me parece.*

*As distincións, moi ben, pero non me moven do meu camiño. A "Medalla Castelao" é un premio extraordinario. Pero eu non o merecía.*

*Xa antes tiveron un premio maravilloso: O 1º Premio Otero Pedrayo, con 1.000.000 pts; outra distinción, hai aproximadamente dous anos: a medalla de Ouro das Belas Artes, concedida polo Goberno español; a última, foi "o galego do mes", do Correo Galego. A "Medalla Castelao" é a máxima distinción que dá a Xunta. Para mín foi unha grande honra. O presidente Fraga, dixo: "estos son os bos e xenerosos", e esta frase foi moi emocionante, porque dixo que, a Xunta, fíxose en persoas que trataron de traballar para outros. Iso é verdade, eu trato de recuperar a nosa historia, a historia de Galicia*

**~ Recentemente, en Novembro-Decembro, celebróuse o concerto do "Cántico Novo", coas réplicas dos instrumentos do Pórtico da Gloria. ¿Foi moi dura a tarefa de reconstrución?**

*Sí, moi dura. A tarefa de reconstrución, pódese dicir, que é "unha vida*

enteira dedicada a ese tema"  
Estou sempre detrás desa idea. Para a tarefa de reconstrucción, eu escollín ós mellores do mundo. A tarefa foi moi dura, pero o resultado compensa.

– ¿Por qué se chama "Cántico Novo"?

Porque esta teoloxía dos Instrumentos do Pórtico está baseada no Apocalipses de S. Juan, porque el día que veu ós 24 anciáns cos instrumentos musicais. S. Juan dí que oíu cantar un canto que ninguén oira cantar: de ahí ven o nome de "Cántico

Novo".

Nós, Carlos Villanueva e máis eu, pensamos que, nesa ocasión, fámolo facer un "Cántico Novo". A sonoridade maravillosa do concerto é totalmente nova.

– ¿Hai algún capítulo da música galega que non se estudia en profundidade?

Si, pódese dicir que moitos. A mesma música medieval, Renacemento, barroco ... agás o que publiqué eu do renacemento e barroco, non se publicou nada máis. En realidade, queda un capítulo: o coralismo galego.

O orfeón, os xogos florais ... é unha pendente que temos os galegos.

– Falemos un pouco de Juan Montes. ¿Qué é o que máis destacaría do seu libro "Seis baladas galegas", sobre as obras musicais de J. Montes?

Eu destacaría tres cousas:

1ª A beleza das melodías.

2ª Para mín, estas baladas reflexan a alma galega dunha maneira perfecta. Estas baladas hai que emparentalas coas Cantigas de Amigo de Martín Códax.

3ª Como Montes soubo crear

unhas formas musicais novas que non teñen paralelo en ningunha outra literatura musical.

– Como última pregunta, ¿poderíame resumir cunha frase a obra musical de J. Montes e con outra o Pórtico da Gloria?

A obra de Montes: "É unha vergonza que os galegos non coñezamos toda a obra de Montes, porque trátase dun compositor de nivel internacional".

O Pórtico da Gloria: "Eu pídoille a Deus que, o día da miña morte, eu empeze a ver no ceo, o verdadeiro Pórtico da Gloria".

## LENDAS DE ARES

A un Km. de Ares atópanse as "Bocas do Sangue", covas das que contan os veciños que tódalas noites saen uns estraños ruídos ó nivel do chan e que o que os escoita non tarda en morrer ... Estas covas encóntanse medio ocultas polas silveiras.

A estas covas tamén se lles chama de Santa Mariña.

Contan os máis vellos desta localidade que ó face-la restauración da igrexa de Ares, polo que se ocupou o adro e o cemiterio, apareceron tibias longas que non hai home actualmente que as teña de semellante medida. A base histórica desta lenda está nas antigas invasións de normandos e daneses, pobos de gran talla que nos visitaron no pasado, exercendo a piratería.

Cóntase desde tempos antigos que a un barco que navegaba pola costa de Chanteiro, colleuno unha tempestade e que entre néboas, chuvias e outros fenómenos atmosféricos viron unha luz en terra e así poideron baixarse do barco e ir ata esa luz. O chegaren alí viron que había como unha vela e a imaxe da Virxe.

Desde aquela hai alí unha fonte e preto dela a igrexa da Virxe da Mercede.

A.L.M. "Conde de Fenosa"



## CESTEIROS DE LUBRE

Hoxe en día quedan moi poucos artesáns: xente que faga o traballo exclusivamente coas súas mans axudados de ferramentas sinxelas.

Sen embargo na nosa zona de Ares, en Lubre concretamente, hai aínda persoas que fan traballos artesáns: os cesteiros. Cestos que se fan de vimes da aldea e que se usan para moitas cousas. Os cestos de Lubre teñen nomes propios; paxes, carabel, cesto ...

Tamén as cestas se fan en Lubre. Cestas que serven para a froita, recolle-la roupa limpa ou para gardar pinzas da roupa, para o cal serán pequeniñas e feitiñas.

Alumnos de 4ªA  
C.P. "Conde de Fenosa"



# UN COMENTARIO SOBRE O ESTRAGO DOS TOPONIMOS

recopilado por **Begoña Martín Acero**  
profesora de Galego do I.B. Mugardos

**O** "Nomenclátor", que deu base a tantas listas de topónimos despois se teñen feitas, foi o de 1860. Nin os funcionarios dos concellos, nin os gardas tiñan, como é lóxico, a preparación necesaria para un traballo semellante. O gobernador da Coruña comunicou ós servizos centrais de estadística que non podían darse feito. Cría que a xente, cando era preguntada, dábaselle por responder con moitas versións contradictorias, e os anotadores remataban trabucando os donos cos lugares, as advocacións coas parroquias ...

Xa antes deste primeiro nomenclátor foron xurdindo

- as hibridacións máis

noxentas como:

- Puenteareas
- Fuenteculler
- Abeleira de Bocija

(Fixarse nos dous nomes: un castelanizado e o outro mantendo a forma galega).

- as traducións máis llóxicas:

Campiñas (que son sepulturas) foi traducido por campañillas.

Pociñas (que son pozos pequenos) por pocilgas.

- e o colmo da toponimia:

Niñodagula transfórmase en Niño de la Guía.

Seixalvo convertiuse en Cejalvo.

Todas estas aberracións toponímicas debéronse, a maior parte, ás castelanizacións dos homes "poderosos" dos pazos, Igrexas,

mosteiros, todos eles foráneos; xentes tan "duras de oído" que trocaron a "Pena do Louro" en "Peña del Loro", "Carboeiro" en "Carbuero" ...

Ademais como na escola se ensinaba en castelán, o "x" trocouse por "j" inexistente en galego. E así apareceron Sanjenjo, O Seixo ... non é modificar un topónimo, senón axustarse a unha regra actual de escritura e a un sonido propio da zona onde están enclavadas ditas poboacións).

O máis curioso neste estrago dos topónimos foi a sorte de lotería xeográfico-filolóxica, que salvou a uns e deturpou a outros, ás veces veciños. Poñamos por caso Ponte, que se mantivo en Pontevedra e en moitos lugares pequenos, pero que

se perdeu nas cabezas de concellos (véxase Puente-deume). En Ourense permaneceron 39 Outeiros, pero tres deles, sen saber o porqué, pasaron a ser Oteros. Unha mesma toponimia, a de Pontevedra, ten 7 Xestas e 8 Gestas. A uns tocáronlles Coruxeiras, a outros Curujeras, etc. ...

Hoxe en día, a todo este "maremágnun" acientífico-afilolóxico, contranatura, contra-sociedade, e toda sorte máis de apelativos, púxoxelle remedio coa promulgación oficial dos topónimos galegos; aínda que algúns casos como: A Pobra, A Puebla, A Póboa, A Póvoa do Caramiñal seguen sendo polémicos.

## Dous topónimos galegos na Noruega


por **Begoña Martín Acero**  
profesora de Galego do I.B. Mugardos

**A**mbolos dous topónimos que denuncian a presenza galega na Noruega e que chaman a atención pola súa rareza na lingua do país son.

**GALLIS e JAKSLAND.**

O primeiro deriva claramente de Galicia e o segundo de Jacobsland ou país de Santiago, nomes xeográficos ben coñecidos na Idade Media polas pelerinaxes dos pobos escandinavos a Santiago de Compostela. Ambas localidades encóntanse a 85 e 47 Kms. respectivamente ao SE de Oslo (ver mapa).

O topónimo Jaksland é, pola súa forma, máis noruego que Gallis. A terminación -land non é extraña á toponimia noruega e en moitos casos abre perspectivas interesnates xa que indica que a localidade era anteriormente o nome dunha finca.




A orixe de Gallis está moi probablemente en que durante o s. XIV un habitante (ou varios) da localidade fixeran unha pelerinaxe a Galicia e ao voltar lle deran o nome á localidade.

Este costume é bastante frecuente na Noruega). Pouco máis tarde aparece Gallis tamén como antropónimo. Este apelido continúa hoxe en día e así a casa de "mellor ver" de Gallis pertence a unha familia apelidada Gallis.

O nome de Jaksland debeu ter orixe semellante á de Gallis.

Por outro lado o nome de Jacob ou Jakob foi moi popular na Escandinavia medieval. No cemiterio de Jaksland, coma no de Gallis, non é raro atopar tumbas de persoas finadas que levan eses apelidos.

Non hai dúbida que a reforma protestante interrompiu un contacto moi importante que durante séculos unira Galicia cos países nórdicos do cal son testemuñas estes dous topónimos galegos no corazón de Noruega.



Tumba dunha Gallis no cemiterio de Gallis

## TOPONIMOS

### GALIÑEIRO

Lugar onde se crían e viven as galiñas.

### A REDONDA

Porque é redonda

### A PEDREIRA

Lugar onde se arrinca a pedra

### O PENEDO

Pedra grande que emerxe á superficie

### O ESTEIRO

Braza de río, no tamo derradeiro ou desembocadura

### AS MAREAS

Movemento periódico de ascenso e descenso das augas do mar

### A GALLADA

Cruce de camiños

### O CRISTO

Imaxe de Cristo crucificado

### A XESTEIRA

Terreo onde hai moitas xestas

### O SEIXO

Pedra xeralmente lisa, dura e de pequeno tamaño


### O SOUTO

Terreo poboado de castiñeiros


### BESTARRUZA

Besta que ten o cabelo ruzo, ou sexa canoso

POUO CON FALTAR  
EH!



# EN BUSCA DO LIXO PERDIDO, UN ITINERARIO MOI INTERESANTE



7º EGB (Franza)

## Ó

comenzo do curso recibimos na escola uns libríños, editados pola Xunta, sobre a conservación do medio ambiente. Lémoslos, vimos que tiñan moitas cousas interesantes e decidimos tomalos como punto de partida para unha serie de traballos de Língua.

Cada grupo escolleu o seu tema e os libros de consulta. Os dicionarios e as enciclopedias da escola comezaron a circular pero non eran suficientes así que os nenos do Seixo decidiron face-los seus traballos no Casino.

Xurdiron títulos coma: "A continuación da auga", "A capa de ozono", "Ruptura de ecosistemas pola acción do home", "Leis da contaminación" e moitos máis. Os máis sinxelos trataban sobre os vertedeiros incontrolados de lixo, ríos que traen desperdicios como regalo para os que viven á beira do mar, lixo á beira dos camiños e por toda-las partes.

Tódolos nenos coñecían algúns máis e pensamos facer un traballo conxunto, conseguimos un mapa do concello de Mugardos e decidimos saír da escola en busca do lixo perdido ...

Aínda que tiñamos localizados os vertedeiros, levounos catro tardes face-la volta completa. Moitos camiños estaban anegados ou cegados polas silveiras, así que tivemos que dar algunhas voltas.

Comenzamos polo Vilar. Xunto á antiga talleira hai unha


lagoa que podería ser un sitio precioso, pero o certo é que daba noxo.

O segundo día foi máis productivo. Fomos á estación do tren, antes de chegar á curva, á beira do camiño, ¡é algo excepcional! ¡alucinante!

- ¿Cómo puido chegar aquí todo isto?
  - Hai mobles, electrodomésticos e ata coches.
- ¡É fantástico!

Os guías de San Xosé fixeronos dar volta. Moi cerca hai un camiño á dereita e no medio do monte ... ¡Outro!

- ¿Non é mais doado levalo ó contenedor?
- Pero aínda hai máis.
- ¿Outro?



- ¡lmos alál

Os dous últimos días percorrímos os camiños de Franza, O Seixo, o Monte e Rílo. A paisaxe é preciosa, o día estupendo e había careixóns ¡estaban riquísimos!

Detrás da casa dunha compañeira de curso hai un, en Beiramar outro, pola carretera da Barca ...

- ¿Desde cando está aquí este lixo?



- ¿Por qué non se retira?

- ¿Quién debería retiralo?

Atravesámo-lo monte, algún prado e houbo algún pinchazo pero conseguimos completa-lo itinerario.

- ¿Cando poderemos face-la volta para ver rehabilitados e limpos todos estos lugares?

- ¿Por qué non funcionan os plans para a defensa do medio ambiente?



## POESIA

Vou intentar ... ..

Como nunca nós dicimos "NUNCA"  
Non fagas paso á contaminación "NON"  
Vou intentar meter algo "ALGO"  
Nese duro cabezón "CABEZON"

Ese peixe que ti comes "COMES"  
Non che gustaría comelo podre "COMELO"

Nin esa auga que ti bebes "BEBES"  
Non quixeras bebela sucia "BEBELA"  
Non contaminas máis,  
coida o río,  
Que se segues así,  
¡NON TES REMEDIO TIO!

6ª U. Mugarcesa



- ¿Por qué non se vixía e se castiga á xente que fai isto?

Todas estas preguntas e outras máis deron pé a discusións moi vivas reclamando respostas por parte das autoridades xa que sabíamos que nós non podíamos facer máis.

O realmente importante é que o interés e a inquietude están servidos.

# Unha grande viaxe

- Riiiiing, riiiiing, ring.  
 - Si, ¿quen é?  
 - ¿Está Beatriz Souto Martínez?  
 - Si, son eu. Pero ... aínda non me dixo quen era.  
 - Noraboa, somos da revista "América", e tocouches unha viaxe a California.  
 - ¿Quen é o gracioso? Mire, colgue xa, se non quere que chame á policía.  
 - E que de aquí a oito días será a viaxe e os boletos están en camiño.  
 - Unha cousa, ¿para cantas persoas é a viaxe?  
 - Para vinteito e como teñen que ser menores de dezoito anos levarán institutriz.  
 - Moitas gracias. É vostede moi amable. Ata outra.  
 Eu decateime de que vinteito rapaces eran moitos rapaces e ¿a quen invitaría?

Na clase eramos vinteito. ¿Que casualidade! Iriamos los rapaces da miña clase.

Pola tarde fixen unha merenda na casa para os meus compañeiros e cando todos estaban dispostos dixen:

- Isto que teño que dicir é moi importante.

- ¿A quen non lle gustaría viaxar a California, gratis?

- ¿A quen non lle gustaría, ¡que gracial! Pero isto que dis non pode ser realizado -dixo Inés-.

- A non ser que nos tocara a "lotería", pero xa non sería gratis -dixo David Salido-.

- E se vos digo que me tocou unha viaxe na revista "América" no concurso "Boa Saúde e Vida".

- ¿En serio? -preguntou Agustín-

- Pois claro. É para vinteito persoas. ¿Viredes?

- Vou ir esta semana á casa da avoa -dixo Rubén Ozores.

- Non lle fagas caso. Iremos -dixo Xosé Antón-.

- E ¿estades seguros de que vos deixarán vir?

- Se non, morro -dixo David Pena-.


Ó día seguinte, ó chegar á escola, Sara, Fátima, e Berta viñeron correndo.

- ¡Iremos! ¡Déixannos ir!

Cando entramos na clase, souben que todos viñan.

- Entón, non perdamos tempo. Hoxe pola tarde iremos a "Galerías" e compraremos roupa nova e máis decente, para non desentoar. Despois iremos á casa da institutriz para poder coñecela con tempo.

Ó saír de "Galerías", todos cheos de roupa dirixímonos á casa da institutriz e ó abríno-la porta todos caemos ó chan, desmaiados, ó saber que era



"MERY POPINS". Todos estabamos moi nerviosos e non sabiamos que dicir ata que Job dixo:

- Sabes é-la miña actriz favorita. ¿Firmasme un autógrafo?

- Con moito gusto. ¿Tes bolígrafo? dixo Mery.

- Non.

- Non importa.

E cos seus poderes máxicos fixo chegar ata ela un lápiz.

- Gracias -dixo Job sorprendido-.

- ¡Eh! ¿Cómo o fixeches? -dixo Xabier Torrente-.

- Iso non é nada. ¿A qué estás espereando? ¡Pasadel! Todos tomamos chocolate e conversamos con ela. A viaxe ía ser maravillosa.

Ó fin chegou o día de marchar. Estabamos todos no aeroporto cando Xabier Tejjido dixo:

- ¿Onde vai Anxo? ¿Aínda non veu? Estou aquí, aquí -dixo el-.

Viña cargado de sacos cheos de comida enriba do lombo.

- ¿Para que queres iso? -preguntou César-.

E por se non hai comida bastante e morro de fame ...

- Anxo -dixo Mery- son maga e podo facer aparecer comida cando queiras; deixa iso, fai o favor ...

- Non o pensara -respondeu Anxo-.

- Pois ... pensa ... pensa ... -dixo Raúl- Todos tiñamos moito medo, pois ninguén de nós viaxara antes nun avión, pero ó longo da viaxe fómoslle collendo o truco.

- ¡Chegamos! -berrou Manuel-.

- ¡Que ben! Todos abaixo -dixo Mery- Todos nós baixamos do avión. Mery dicía adeus a unha velliña que fora ó

seu lado sentada.

Primeiro, nun autobús, dirixímonos a Disneylandia onde coñecemos ós seus habitantes máis preciados. Despois fomos a "Beverly Hills" onde nos presentaron ós actores principais.

- ¡Carai! que me dera ser como Luke! ¡Debe de ligar a montóns! -dixo Xesús- -É certo, pero non soñes -díxolle Rubén Yllobre-.

¡Pasámolo de medo!

Máis tarde visitámo-lo centro de naves espaciais. Subimos dentro dunha. ¡Era unha maravilla!

- E eu que atopaba ós astronautas aburridos ... -díxome Fernando-.

- Eu serei astronauta -díxolle Verónica a Teresa-.

Despois de quince días voltamos á casa.

- ¡Ares! Por fin -dixo Xaime ...

- Botábao de falta -dixo Érika con cara sonriente. ¡Non si, Fátima!

A televisión, a radio, a prensa etc. estaban alí para felicitarnos.

¿Cómo se sente vostede ó ir a California e coñecer ós seus artistas favoritos?

-preguntoume un locutor-.

- Pois, moi ben. Foi moi excitante e divertido. Agora estou moi leda de volver a casa pois tiña morriña.

- ¡Hola! -dixo Helena- foi fantástico! Se puidese volvería a ir.

Nunhas semanas a nosa viaxe fixose famosa e fixéronnos moitas entrevistas e cousas desas.

E, ós amigos que non viñeran connosco démoslles unha camiseta de "Sensación de Vivir".

Beatriz Souto Martínez  
 7ª C "Conde de Fenosa" - Ares

## SEGUIMIENTO ESTADISTICO DA PROMOCION 88-91 DO I.B. MUGARDOS

Un grupo de alumnos de COU fixemos un seguimento estadístico da nosa promoción de Bacharelato; a primeira formada totalmente no I.B. Mugardos e correspondente ós alumnos que comenzamos 1º BUP no curso 1988 e rematamos 3º BUP no 1991.

Presentamos agora os diferentes datos obtidos e as súas conclusións.

No curso 88-89 matriculáronse en 1º BUP 102 alumnos; entre xuño e setembro aprobaron todas as asignaturas 40 alumnos (39,2%). Pasaron a 2º BUP cunha asignatura pendente 16 (15,68%), e con dúas 10 (9,8%), repetindo curso 36 (35,29%). As asignaturas que máis se suspenderon foron Historia, Matemáticas e Língua Española.

Como resume o 64,68% dos matriculados en 1º BUP pasan curso.

En 2º, no curso 89/90 matriculáronse 88 alumnos; entre xuño e setembro aprobaron todo 35 (44,3%). Cunha pendente pasaron 8 (10,12%) e con dúas 13 (16,45%). Repetiron curso 23 (29,11%) e abandonaron por diversos motivos 9 (11,39%).

As asignaturas que máis suspenderon foron neste orde: Física-Química, Matemáticas e Latín.

Como resume o 70,8% dos matriculados en 2º pasan curso. En 3º BUP matriculáronse no curso 90/91 64 alumnos; deles aprobaron todo entre xuño e setembro 27 (43,54%), cunha pendente pasaron a COU 15 (24,19%) e con dúas 11 (17,74%). Repetiron curso 9 (14,51%) e abandonaron 2 (3,12%).

As asignaturas que máis se suspenderon foron Inglés, Matemáticas e Ciencias Naturals.

Resume: pasaron a COU ó 85,47% dos matriculados.

Estes datos aparecen resumidos na seguinte táboa:

|                | matriculados | pasan curso | con unha | con dúas | repeten | repeten |
|----------------|--------------|-------------|----------|----------|---------|---------|
| 1º BUP (88-89) | 102          | 32,2%       | 15,6%    | 9,8%     | 35,3%   |         |
| 2º BUP (89-90) | 88           | 44,3%       | 10,1%    | 16,4%    | 29,4%   | 11,3%   |
| 3º BUP (90-91) | 64           | 43,5%       | 24,1%    | 17,7%    | 14,5%   | 3,1%    |

### Conclusións:

A porcentaxe de alumnos que pasan curso aumenta ó longo de BUP: 64,68% a 2º, 70,87% a 3º e 85,47% a COU.


A pesar de que o maior número de aprobados dáse en 3º BUP, non quere dicir que sexa o curso máis fácil, senón que a este curso chegan os alumnos que demostraron maior interese e que ademais teñen a posibilidade de optar ás asignaturas que lles gustan.

Tendo en conta que os resultados observados nesta promoción poden considerarse como normais hoxe en día, e para sacar conclusións máis xerais, ímos supor que foran 100 os alumnos matriculados en 1º BUP; aplicando as porcentaxes obtidas teríamos os seguintes datos:

|           | matriculados | pasan curso |
|-----------|--------------|-------------|
| 1º de BUP | 100          | 65          |
| 2º de BUP | 65           | 46          |
| 3º de BUP | 46           | 39          |

A pregunta obrigada é: ¿Qué pasa cos 61 alumnos que non pasan a COU no seu momento?. É evidente que moitos deles repetiron curso, e tamén é moi probable que algún deses alumnos que repetiron algunha vez, accederán á Universidade con éxito. Ademais algún deses 61 abandonou BUP, e probablemente pasou a realizar outro tipo de estudos: F.P., Oposición ... Esperamos que estes datos inviten a unha reflexión sobre o fenómeno éxito-fracaso en BUP.

Diego Barea, Malte Mesias  
Itziar Mulñas, Lorena Perelra, Arturo Sánchez e  
Mónica Perelra  
Alumnos de COU 2. I.B. Mugardos.



## ACUICULTURA

Hai xa catro anos que a aula de acuicultura do noso colexio está funcionando. Foi concedida pola Consellería de Pesca, dependente da Xunta de Galicia.


Temos unha parcela en Beiramar, que foi cedida pola Cofradía de Pescadores de Mugardos, na que estudiamos o crecemento das ostras, algunhas ameixas e outras especies.

A parcela ten unha parte que é moi fangosa na que apenas hai vida; e outra parte que é bastante pedregosa na que viven as especies que estudiamos.

Estudiamos este crecemento coa axuda dunha bióloga da Xunta, que baixa connosco á parcela. Ela danos a cada grupo unhas cantas ostras e nós medimolas e tomamos nota, facemos a media e así ímos vendo a diferenza de crecemento. Non só baixamos á parcela e medimos, se non que tamén limpamo-la parcela para que as algas deixen oxixenarse mellor ás ostras e ameixas.

Tamén estudiamos outras especies e o medio no que se desenvolven. Ademais de iso temos clases teóricas, proxeccións de vídeo, etc. O principal problema que temos é o furtivismo, hai xente que non respeta nen sequera algo tan sinxelo que nos permita aprender e estudar; xa que este traballo facémolo con moita ilusión.

A fin de curso facemos unha excursión cultural como remate das actividades desenroladas ó longo do curso.



MEDIDA DA OSTRA

### MEDIANA

| DÍA   | 21-11-91 | 23-1-92  | 14-5-92   |
|-------|----------|----------|-----------|
| LUGAR | Beiramar | Beiramar | Franza    |
| SUMA  | 507      | 597      | 723,3 mm. |
| MEDIA | 33,8     | 39,8     | 48,4 mm.  |

### GRANDE

| DÍA   | 21-11-91 | 23-1-92  | 14-5-92   |
|-------|----------|----------|-----------|
| LUGAR | Beiramar | Beiramar | Franza    |
| SUMA  | 704      | 779      | 817,5 mm. |
| MEDIA | 46,9     | 51,9     | 54,5 mm.  |





## UNHA NOITE NA MIÑA HABITACIÓN

Caía o anoitecer e a miña pequena embarcación atopábase ancorada no porto. A grande cheminea situábase o lado cun aspecto monstruoso. Cerca, moi cerca o estreito paso ó mar. A súa esquerda atopábase unha bola cadrada que separaba outra barca coma a miña. Na parte traseira unha segunda bola e o seu lado unhas roscas de esponxa. E máis alá, o grande catamarán atopábase disposto a gardar nas súas entrañas tódolos obxectos cos que a mañá seguinte saería ó mar.

8ªA C.P. U. Mugardeza

•••

Estaba eu un día xogando na praia. Parecíame fantástica, polas súas ondas e a finíña area.

Empecei a facer un gran castelo. Estábame quedando bastante ben, cando de súpeto comecei a afundirme na area; naquel momento semellaban areas movedizas.

Entón encontreime dentro do meu castelo; aquilo era maravilloso; si, gustábame. Seguín camiñando sen medo ningún e que non vos pareza estraño xa que estaba rodeada por unha forza descoñecida que me facía sentir segura e ó mesmo tempo facíame seguir camiñando.

O chegar á torre número dous, a forza deixoume coma se quixese que ficara alí.

No intre apareceu unha nena de cristal que semellaba unha princesiña de cristal. Quedeime sen fala coa asomburada que estaba, ¡hoxe en día, unha nena de cristal!

Semellábame un conto de fadas. Para probar se estaba esperta ou era todo un soño pegueille un puñetazo a

parede e ... segúrovos que non era un soño, quedeime coa man dorida un bo cacho.

Ela preguntoume:

¿Cómo andamos, Laura?

¿Cómo sabes o meu nome?, interroguéi asombrada. Moi sinxelo, tí fuches a que me creaches coa túa imaxinación.

Ou ¿non é certo que tí imaxinaches unha princesa de cristal no teu castelo?

Si, é verdade. ¿Pero entón que fago aquí? Díxenlle xa comezando a entender.

Tí quixeches estar comigo e aquí estás.

¡Ah! Xa sei. Entón tí chámaste Marta, ¿non é certo?

O que realmente me gustaría agora e chuchar un xelado. Entón nas miñas mans apareceu un xelado de limón.

Comprendín que tiña o don da imaxinación e facelas realidade.

Volvín a desexar estar na praia pero coa princesiña de cristal Marta, por certo de cristal irrompible.

Isto como era de supoñer cumpíuse no mesmo momento e tódalas persoas miraban para nós.

A miña irmá preguntoume: Laura, ¿que ocorre?

E unha larga historia, contesteille ríndome a gargalladas.

Laura (U. Mugardeza)

•••

## O FIN DA RUA

A rapaciña camiñaba polas mañás por unha rúa en que a súa seguridade perigaba, xa que as sinais dos carteis coloridos e luminosos non son de confianza. Un deles e unha xiríngua tachada cunha cruz e xente con mala pinta fai cola na porta; un pouco máis alá, no cartel máis luminoso representa unha muller desnuda dentro dunha copa de champán; na porta hal unha parella, o

home balancease hacia os lados. Xa chegando á parte máis segura da rúa vese nun pequeno cartel de fondo branco, unhas tesouras cruzadas por un peixe. E ... xa unha das últimas señas: tesouras STOP. A rapaciña pensou: ¡Menos mal, ¡o fin da rúa!

8ªA (C.P. U. Mugardeza)

•••

## A TROMPETA MÁXICA

Un día Xan paseaba o can e atopou unha trompeta vella. Colleuna e levouna para a casa.

Xa na casa colleu un pano e limpouna e logo viu que era preciosa. Como tiña moitos problemas na escola, díxollo. E a trompeta como era máxica fixo que non tivera malas notas.

Ana Belén Fernández Lelra

2ªA (Conde Fenosa-Ares)

•••

## A FADA COXA

Hai moito tempo nun país existía unha fada. Esta fada chamábase a fada Coxá e era moi, moi desgraciada porque ningún lle falaba.

Un día, a fada cansada de que ningún lle fixese caso dixo: Xa está ben. Eu vou poñer un cartel na cidade que diga TEATRO DA FADA COXA, entón a xente falaráme e visitaráme. A partir dese día a fada Coxá foi moi, moi, moi feliz.

Eva Pedre Martínez

2ªB (Conde Fenosa-Ares)

•••

## O POLO NORTE

Había unha vez un sitio no que levaban dous días facendo unha cidade de xelo, e íanlle chamar "O Polo Norte".

Un día remataron de face-la cidade e tiveron que matar focas, e dicían os nenos:

¡que pena polas focas!

Acariñando unha foca, un día dixo un señor, que non podía ser así, que ían rematar coas focas. Pensou e pensou e ó fin tivo unha idea, que gardaran moitas focas de reserva e que as deixaran vivir e defendelas.

Rafael Bermúdez Míguez

2ªA (C.P. Conde Fenosa-Ares)

•••

## DESTINO

Era pola mañá e eu estaba esperando a miña amiga para ir pasear.

Cerca das once, achegouseme Ignacio, un neno simpático, e díxome:

- ¿A quén esperas?

- A miña amiga, ¿por qué?

- Por nada ...

Houbo un intre en silencio e a min pasábanme cousas pola cabeza, "¿por qué me preguntaría estas cousas?, a min non me importa ..."

- ¿Queres pasear comigo? (interrumpíame)

Eu non sabía que lle contestar, pero díxenlle que si porque había dúas razóns: Unha, porque era o rapaz que me gustaba.

Dúas, miña amiga tardaba moito.

Collemos a lancha e despois fomos a un parque. Había moita xente agarradiños, bicándose, e a min non sei que me daba.

Entón, el achegouseme e díxome:


-¿Queres ser miña moza?

- Eu ... eu non sei.

Ignacio bicoume na meixela sin que me dera conta. Levanteime e pedínlle que nos foramos que non soportaba estar alí, pero non o dixen polo bico.

Mª Carmen Barcia García

8ªA (Unión Mugardeza)





## DESCUBRIMENTO EN NOVILLE: UNHA MANDIBULA DE XABARIN (?)

Todo comenzo cando dúas compañeiras de curso nos achegamos á casa dunha terceira.

Decidimos ir a Noville. Alí comenzamos a buscar pedras entre a area, cando de súpeto Rocío dixo:

¡Axudádeme a sacar isto cuns paus!

Lucía, co seu pau levantouno e saíu unha mandíbula. Pensamos en deixala alí, pero Verónica colleuna e as tres decidimos levala ó Colexio para estudiala e tratar de investigar. Alí o profesor D. Xosé Brozos díxonos que podía ser de xabarín.

Intentamos arrincarlle dous dentes que aínda permanecían unidos. Os nenos da clase no nos deixaron, pero un deles parteunos á metade.



Decidimos entre todos regalarlle a mandíbula e metade do dente ó Colexio. Pegámoslos nunha tabuliña e colgáronse nunha parede. ...

Volvimos a Noville e seguimos buscando. Atopamos unha cabeciña de rato e unha vértebra.

Estes importantes -polo menos para nos- descubrimentos, lévannos a continuar, coa esperanza de atopar algo máis.

Verónica Vila Núñez  
Lucía Pena Fuentes  
Rocío Vilaboa Parcerio  
5º EXB (Colexio de Franza)

### NOTA

Na páxina 41 do Nº 1 de VIRAVOLTA, publicábase un artigo referido a Noville-lugar do Selxo, na súa ribeira- que despertou a curiosidade dun sector de alumnado, onde teñen aparecido distintos restos, tal vez de orixe romana.

## UNHA SEMANA EN ...

### ¡¡¡GANTE!!!

Extracto do diario de Sonia Vila  
alumna de 3º C I.B. Mugaros

#### DOMINGO 10-11-91

Saímos do Concello ás 8 da mañá. Estamos todos moi nervosos. Facemos 4 paradas antes de entrar nas autopistas francesas. Ningúen dume.

#### LUNS 11-11-91

Temos un aspecto horrible ás 6 da mañá. Chegamos a Gante sobre ás 12 do mediodía, Trudy, a profesora belga atópanos e guíanos ata o Instituto. Todos están esperándonos fora. Nin tan siquera nos atrevémos a mirarlles á cara. Invítannos a comer alí mesmo un bocadillo e ímonos presentando, un a un, cada vez máis rápido. Fixámonos máis e máis neles. Non son tan raros e ata parecen simpáticos. Finalmente atrevémonos a dicir algunha palabra en inglés.

Cada un, máis ou menos nervoso, valse co "seu rapaz belga" e despois de deixa-la equipaxe na casa, ducharse e coñecer un pouco á familia, sae a tomar algo co seu novo amigo.

Enfrentámonos agora á barreira das distintas costumies e ó idioma, pero non é tan difícil como esperábase. Todo é normal, o Instituto, a xente ..., iso sí, nótase a maior preparación en canto á aprendizaxe de idiomas e o distinto comportamento, máis frío, parecen tan serios e responsables! (de todas maneiras, eles son maiores ca nos).

#### MARTES 12-11-91

Ás 7.30 imos á clase; todos están esperándonos. Estamos con rapaces doutras clases e todos esforzámonos para entendernos máis ou menos ben. Pouco despois baixamos para xantar na cafetería do Instituto. Todos miran para nos con estrañeza, pero ninguén í polo baixiño, como pasaría en España. A comida tamén énos estraña: sopa de pepinillos (dín eles), e polo con piña. Non comemos demasiado. Ás 3 subimos ó autobús para a nosa primeira excursión: Bruxelas; foi divertido e conseguimos coñecer algo máis dos rapaces belgas, que misturaban toda sorte de idiomas e xestos para axudar á profesora a explicarnos o Manneken Pis, o Pazo Real ou a Catedral de S. Miguel.

Cando voltamos a Gante todos estamos cansos e queremos durmir: Coído que é a primeira noite que conseguimos facelo ben desde que comenzámo-la viaxe.

#### MÉRCORES 13-11-91

Erguémonos cedo. A vergoña pérdese e comenzamos a "entendernos" ben coa familia no almorzo. Ás 8.30 saímos para Amberes, alí vemos, entre outras cousas importantes, a casa do pintor Rubens e a estatua de Bravo e o xigante; logo fomos comer a un Instituto de Tradutores; despois, de novo ó centro de Amberes con tempo libre para ir de compras. Ás 5 reunímonos todos de novo nunha praza moi

bonita chea de palomas e, tendo como guías ós nosos compañeiros belgas, coñecemos-las mellores tendas e bares. Isto marcha. Xa somos todos grandes amigos. De volta en Gante cada un vai cear co seu compañeiro belga, a unha pizzería, con 12 sás e as mellores películas do momento. Nós vimos Thelma e Louise en inglés.

#### XOVES 14-11-91

Hoxe imos a Bruxas. Nesta viaxe acompañánnos rapaces de Matemáticas, non son os que participan no intercambio pero dá igual, son encantadores e moi simpáticos. En Bruxas hai moitísimo frío. Visitámo-lo Beaterio, a praza do Mercado, o Concello, ... todo é tan típico que asombra. Despois de comer (noutro Instituto) imos de compras. Cargados de chocolate regresamos a Gante. Esta noite ceamos todos no restaurante Amadeus, estamos contentos de estar en Bélxica e así llo dicimos ós belgas; eles tamén están contentos de termos alí. Despois de cear imos tomar algo. ¡E dicían que os belgas non tiñan "marcha"!

#### VENRES 15-11-91

Hoxe visitaremos Gante máis detidamente; pola mañá a catedral de S. Bavón, un museo de costumes e obxectos antigos, un mercadillo onde máis de un atibórrase de recordos e regalos. Mercamos encaixes e bombóns. Xantamos de novo nun Instituto e esta vez levamos unha agradable sorpresa: ¡patatas fritas!. Pola tarde visitamos o Castelo do Conde que ten unhas vistas preciosas e unha sá de torturas con guillotina e todo que "corta o respiro". Pola noite temos unha festa que ninguén quere perder, todos facemos plans e máis plans; ás 9.30 no bar American escomenza a festa. Hai moitísima xente e todos nos divertimos, relaxamos e disfrutamos a pesares das difíciles conversas en inglés-francés-español, bailamos, suamos, rimos, berramos ... É unha especie de desfogue. Sorprende o que pode unir á xente unha festa.

#### SÁBADO 16-11-91

Hoxe o día comenza á hora de xantar e escomenza a notarse que mañá marcharemos. Falamos do martes, mércores, venres ... como se estiveran a anos-luz de nós. Pasámo-lo día coa familia e despois de cear saímos por última vez. Voltamos a casa a rematar de face-las maletas (¡imposible pechalas!) e á cama. Pero, ¿quén pode durmir?. Temos na cabeza tantas cousas estupendas e a partida está tan próxima que parece que imos estoupar. É a semana máis curta da miña vida.

#### DOMINGO 17-11-91

Chegou o "día D". Ás 8.30 xa estamos todos intercambiando direccións, teléfonos, fotos, impresións ... Foi unha semana realmente maravillosa; non recordo nunca facer amigos tan íntimos en tan pouco tempo ... a todos nos parece imposible ter visto e disfrutado tanto. Son as 9.20. As despedidas son horribles, non podo domiñá-las bágoas e non me importa demasiado. Deixamos amigos, recordos e algún que outro corazón roto. Ó abrazarnos vexo que non son á única á que se lle escapan as bágoas. Ímonos coa esperanza de voltar a vernos.



## Mostra de Teatro Infantil Galego "Xeración NÓS"

ASOCIACION INTERMUNICIPAL "MOSTRA DE TEATRO INFANTIL GALEGO-XERACION NOS"  
CONCELLOS DE :ARES, FENE, MUGARDOS, NARON, NEDA

# O Teatro

Hai tempo (tanto que os primeiros actores estaban en sexto e sétimo de EXB, e agora están en 3º de BUP e COU) a escola de Franza sumouse a unha nova movida que tódolos anos mete o teatro na escola.

Hai tres anos que o grupo infantil do Seixo está na mesma movida.

Grupos infantís, grupos profesionais de teatro, monicreques, mimo, talleres, actores, espectadores, ensaios rompen por unhas horas, uns días, unhas semanas a monotonía dun curso a piques de rematar.

Saídas ó casino de Franza ou ó casino do Seixo, case sempre a pé, para pasar un momento diferente e estupendo.

Saídas en bús para actuar para nenos de outros grupos e escolas. Trastos, disfraces, montaxes, maquillaxe, nervios e ... ¡acción!

#### ALGO SOBRE A MOSTRA

Cada ano fanse representacións de teatro gracias á Mostra.

Cando se inaugura a Mostra de Teatro, un grupo fai unha representación de teatro. Despois desa representación, invítanos a todos a unha merendola.

Esta inauguración, cada ano, celébrase en diferentes Concellos. Este ano celebrouse en Neda.

A Mostra empezou no ano 1984, desde aquela xa estamos na IX Mostra.

O teatro fai que o público nunha representación pase un intre agradable e que conecte co actor. Nós os actores e actrices pasámolo asimesmo moi ben facendo rir ó público.

Despois de facer actuacións póñenos algo de comer.

As actuacións de este ano tócanos no colexio Centeiras e en San Valentín.



## Diario dunha excursión

### SÁBADO DIA 1

Son as cinco da tarde, e todos estamos moi nerviosos, inquedos e moi felices porque hoxe ás dez da noite saímos rumbo a Pamplona. ¡Por fin! son as dez. Todos

Pola tarde tivemos tempo libre e fomos por onde nós quixemos. Pola noite despois de cear fomos dar outra volta, pero só unha hora.

### MARTES DIA 4

Despois do almorzo fomos o Lago Engolasters e despois de compras ó centro comercial Punt de Trobada. Pola tarde a nadar na piscina

visitá-la Basílica do Pilar que é enorme.

Compramos millo e trigo para darlle de xantar as pombas que había na praza

ESTO É ESTABILIDADE  
E O DEMOIS  
"PROPAGANDA"



estamos esperando a chegada do autobús (menos Marisa e César, iso que eran os que máis dicían que estivesemos ás nove e media). Xa estamos fartos de oír ás nais e ós pais dici-las tonterías de sempre:

Portádevos ben, non sexades malos ... etc.

Xa levamos cinco horas de autobús, e non podemos durmir.

### DOMINGO DIA 2

Ás dez da mañá, por fin, chegamos a Pamplona. O primeiro que fixemos foi ir almorzar a unha estación de autobuses. Despois do almorzo fomos dar unha volta. Vimo-la Catedral, a plaza de touros e sacamos moitas fotos.

Seguindo a viaxe chegamos a Sabiñánigo. Son as dúas e estamos dispostos a xantar.

### LUNS DIA 3

Estamos en Sabiñánigo almorzando. Agora imos facer unha excursión a Candanchú, donde por primeira vez nesta excursión vimo-la neve. Subimos nas telesillas e fomos ó cume da montaña. Estivemos xogando na neve, intentando facer un boneco pero non podíamos porque non resistiamos as mans co frío. (sacamos unha foto e logo baixamos).

Despois da comida dirixímonos a Andorra, pasando por Huesca, Lérida e Seo de Urgell donde paramos a tomar un refresco.

Chegamos a Andorra, (fartos xa de tanto bús), ceamos e saímos a dar unha volta.

Quedamos "flipados" dos prezos das cousas, dos coches, dos electrodomésticos, do tabaco ...

climatizada. Pasámolo do ¡máis GUAI!. Despois da natación ¡a PATINAR! á pista de xelo, que estaba ó lado da piscina. Xa non caíamos tanto coma a primeira vez en Jaca, e divertímonos máis. Despois da sesión de patinaxe fomos outra vez de compras, e un grupo de rapaces perdímonos e tivemos que preguntarlle a un garda de tráfico onde quedaba o hotel "Jaime I".

É de noite e estamos dando unha volta e tomando algo. De volta para o hotel imos cantando. Enfrente do hotel tamén cantamos, e unha señora dende un balcón tirounos un vaso de auga.

### MÉRCORES DIA 5

Erguémonos ás oito da mañá para imos rumbo a Zaragoza.

Despois de xantar fomos

da Basílica.

En Zaragoza tamén fomos comprar e pasamo-lo moi ben.

### XOVES DIA 6

Hoxe estamos moi tristes porque xa iniciamo-la volta para Mugarbos.

Comimos en Palencia, onde tamén nos deron de comer macarróns.

Chegamos a Astorga, paramos e aproveitamos para chamar as nosas nais e informalas da hora de chegada. Son as once da noite; chegamos ..., amolados e tristes con gañas de volver.

### RESUME:

Foi unha experiencia moi boa, moi divertida e agradable. Penso que a ningún de nós, nos molestaría volver.

José Freijomil Roca  
B°C U. Mugarbada

# O DESCENSO DA NATALIDADE EN CERVÁS

Este é un traballo de estadística sobre o número de fillos durante as últimas xeracións: o número de fillos dos nosos pais (nós), o número de fillos dos nosos avós (nosos pais), e o número de fillos dos bisavós (nosos avós).

Os datos foron obtidos na parroquia de Cervás, quitados das partidas de nacemento, polo tanto é un estudio que ten como poboación a xente nacida en Cervás e como mostra collimos dez persoas ó azar de cada unha destas tres xeracións anteriores que comprenden as seguintes idades respectivamente (25-50), (50-75), (75-100).

Estas tres xeracións correspóndense cos nosos pais, nosos avós e nosos bisavós.

Con este traballo queremos demostrar ca tasa de natalidade diminuíu considerablemente ó longo deste último século debido a diversos factores económicos, sociais, etc.

Con este traballo queremos comprobar o tipo de poboación que vive agora en Cervás, se é vella ou, pola contra, nova e tamén a diferenza entre o número de persoas que naceron aquí hai uns cantos anos e a que nace agora.

A través dos resultados obtidos deste estudio chegamos á conclusión de cos factores máis importantes que causaban este descenso da poboación eran os seguintes.

A primeira xeración é a dos nosos bisavós que comprende idades que van desde 75 a 100 anos aproximadamente.

Naquela época existía unha forte natalidade, como se pode comprobar nos gráficos seguintes, a cal debíase seguramente a que os matrimonios non pensaban no futuro dos seus fillos, xa que estes axudábanlles a traballar no campo desde pequenos; un fillo supoñía unha man de obra máis.

Otra cousa moi importante nesta época que favoreceu ó aumento da poboación, foi a falta de información acerca das distintas prácticas anticonceptivas.

A segunda xeración é a dos nosos avós, cujos fillos son os nosos pais, que comprenden idades entre os 50 e 75 anos aproximadamente. Como podemos comprobar a media de fillos por matrimonio diminuíu se a comparamos coa anterior xeración, antes era dun 6.4 e agora dun 4.7, casi dous fillos menos.

O descenso da natalidade nesta época pode ser debido a que o traballo no campo empeza a desaparecer e aparece a industrialización a raíz da cal os matrimonios comencan a encamiñalos seus pensamentos cara ó futuro dos seus fillos, pois agora estos xa non traballarán para eles, senon que os pais comencan a traballar para os seus fillos, moitos dos cales empezarán a estudar debido á preocupación polo seu futuro e, desta forma, os pais veranse obrigados a facérense cargo do coste destes estudos. Isto provoca unha certa preocupación nos matrimonios que empezan a preocuparse polo número de fillos, co cal a natalidade descende, aínda que non o suficiente.

A terceira xeración é a dos nosos pais, o número de fillos que tiveron tamén diminúe considerablemente ata reducirse a 2. Eses fillos somos nós e nosos pais encontráanse en idades comprendidas entre 25 e 50 anos.

Hoxe en día para un matrimonio recién casado, que é cando comenza a aforrar, o nacemento dun fillo plantexa novos problemas económicos, especialmente se a esposa traballa fora do fogar. Na terceira xeración a media de fillos diminuíu considerablemente; moitas das nosas nais, hoxe en día, traballan fora do fogar e por iso buscan a independenciam, pois un fillo só acarrea bastantes

problemas económicos.






Por iso, hoxe en día, úsanse as prácticas anticonceptivas ás que se debe, en gran parte, o forte descenso da natalidade nos países máis desenvololados.

Agora os matrimonios plantéxanse seriamente ter máis dun fillo.

A poboación nestes momentos é unha poboación vella, e probablemente cada vez será máis vella, isto supón un menor rendemento na sociedade e seguramente traerá consigo importantes consecuencias.

Se isto segue así, ¿Qué ocorrerá dentro duns cantos anos? ¿Haberá xente xove?.

Marta Rebón Gelpi  
Marta Rascado Hermida  
COU 1 (I.B. Mugardos)



# A VIBORA, UN REPTIL PERIGOSO

por Miguel Brozos Vázquez

Agora na primavera, son perigosas as víboras, posto que é cando se levantan do letargo e teñen fame. Falaremos un pouco deste animal:

É fácil distinguir unha víbora doutra serpe inofensiva. En efecto, se nos atopamos cun reptil de cabeza triangular e pupila vertical, saberemos que é unha víbora, ademais as víboras teñen un debuxo enriba en forma de zigzag. Se non cumpre estas condicións encontrámonos ante unha culebra in-



ofensiva.

Ó chegar o frío do inverno, as víboras buscan un lugar abrigado para alestargarse.

En Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco, está a víbora europea, nos Pireneos está a víbora áspid, e no resto da Península Ibérica está a víbora fociñuda. As víboras adáptanse ben ós distintos lugares.

## ALIMENTACIÓN

Os viboreznos xoves, que xa de pequenos poden utiliza-lo veneno,



nútrense de insectos, gusanos e lagartixas. Cando son maiores, aliméntanse cazando saurios (lagartos), mamíferos (principalmente roedores) e aves de tamaño pequeno e mediano. Para cazar, arrástranse lentamente hacia a presa ou permanecen ó asexo, proxectan a velocidade fulminante a primeira parte do corpo e clavan os dentes profundamente na carne do animal e retíranse acto seguido. A mordedura mata a vítima en pouco tempo.

## REPRODUCCIÓN

A cópula ten lugar no mes de abril. A xestación dura 4 meses, ó cabo dos cales a femia pare 8 viboreznos por término medio. As víboras nacen vivas, posto que a femia incuba os ovos no interior do seu corpo. O nome de víbora alude á natureza vivípara deste ser.

## A PICADURA

As víboras teñen na mandíbula superior un para de dentes inoculadores de veneno moi desenrolados e curvados, que se comunican na base coas glándulas productoras de veneno, e polo extremo libre acaban en



bisel.

Ó longo de todo o colmillo, discurre un conducto oco polo que pode circular veneno.

Cando pica unha víbora, nótase dor no lugar da picadura, e hínchase. Ó cabo dunhas horas aparece dor de cabeza, vómitos e diarrea, dificultades respiratorias e pulso irregular. Nos casos máis graves pódese producir a morte.

## COUSAS QUE SE DEBEN FACER CANDO PICA UNHA VÍBORA

Cando unha víbora pica (que soe picar nas extremidades), débese poñer unha ligadura firme por enriba da ferida para que o sangue circule máis lento cara o corazón. Despois de poñer a ligadura, debe facerse un corte que una os dous puntos da mordedura e desinfectala con auga de Javel, tintura de iodo, alcohol ou permangato potásico ó 1%. Sempre que non haxa feridas nos labios ou na boca, debe chuparse a ferida e escupi-lo veneno que se absorbe.

Isto non cura de todo, polo que se debe acudir a un médico.

### ¿POR QUE SOMOS UNS INCOMPREENDIGOS?

Bla, bla, bla, ... ¿por qué gastei tanto cuspe e tanta enerxía? O final ¿para qué? Para que non me comprendan. Eu fáloles dos meus problemas, ¿e qué? ... ¿compréndenme? Non. ¡E un derroche de enerxía! Non sei, non sei. Ás veces pregúntame se ... ¿non sería mellor falar coas paredes? Xa sei que non escoitan, pero eles son como as paredes, non escoitan.

M<sup>a</sup> Luisa Tizón  
8<sup>a</sup>A (U. Mugardeva)

Eu esmerándome e esforzándome en contarlle-los meus problemas e eles, ¿cómo mo agradecen?. Falando dos meus problemas e ós demástraéndolles de lado. ¿Por qué perde-lo tempo falando con eles para que ó final no nos comprendan? Xa varán. Voules pagar coa mesma moeda.

8<sup>a</sup>A (U. Mugardeva)

¡Ouh! que mal estou. Pero que mal estou, encóntrome tan mal que ... sería capaz de facer calquera parvada. Parece que teño nun lado ó demo dicindo: "FAINO" e noutro ó anxo dicindo: "NON O FAGAS". Mira, ide todos á "MERDA" (con perdón) e a vivila vida amigo ¡¡¡E mellor!!!

Puri Pereira  
U. Mugardeva

Non sei que facer, estou farto de que non me entendan. Os nosos maiores non pensan nos nosos problemas, só queren que estudiemos e que aprobemos todo.

Os maiores deberían falar máis con nós e comprendelos nosos problemas coma uns bos pais.


As veces desespérome cando me regañan sen razóns.

Non teñen dereito a tratar-nos desa forma. E unha inxusticia.

José Pena Cortizas  
8<sup>a</sup>A (U. Mugardeva)

Xa está decidido, voume e non volvo nunca máis. Xa estou cansa de ter sempre as culpas de todo. ¿Cando chegará o día en que teñan unha casa propia e poida face-lo que me pareza? que non me apetece deitarme cedo, pois deitome tarde, que rompo algo, problema meu, que chego tarde, pois chego tarde, sen que ninguén me poida dicir nada. Xa estou cansa de todo. Pero o mellor será que comece a face-los deberes se non quero que me poñan unha mala nota na clase.

Mercedes B.  
8<sup>a</sup>A (U. Mugardeva)



Sr. Director:  
Eu estou orgulloso de ser un bolígrafo azul. Desde moi pequeno os meus pais ensinaronme a valorarme máis, pois ó fin e o cabo a humanidade sin min tería moita dificultade para comunicarse. Eu son o bicepresidente da A.B.A.U (Asociación de Bo-

lgrafos Azuis Usados). A nós, os de sangue azul, úsannos para todo; ós de sangue vermella úsannos un pouco menos, ós de negra menos que os de vermella e ós de verde non os usan nada.

E é que ... ¡Carail! ¿Que os de sangue azul deixámo-lo sangue no traballo!

Firma: Don Bic Staedtler Carioca


Javier Fernández Dapena  
7<sup>a</sup> EXB (C.P. U. Mugardeva)

A PROPOSTA

DOS

BOLÍGRAFOS

REVISTAS



### ROSA BRANCA

Rosa branca, rosa branca, ti demostras no amigo a túa man franca.

As túas espiñas, non causan dor; o único que causan é profundo amor.

E as abellas chuchadoras liban o néctar a esta flor; deixándoa triste e amargada con lágrimas e dor.

Onde ten o néctar, e como o seu corazón e se llo quitan non é, "nadie" o único que é unha flor sen amor.

Rosa branca, rosa branca, ti demostras no amigo a túa man franca.

Tania Peinado Rodríguez  
6<sup>a</sup>B Conde de Fenosa

### CORRE CORRE CORRE

Durante todo o ano é o que estamos esperando "carnaval" e diversión molará un mogollón.

CORRE, CORRE, CORRE  
O COLEXIO DE ARES  
O CONDE DE FENOSA  
ATA CHEGARNON PARES (bis)

Os freixós e as orellas darémosche para que probes as delicias das mulleres que fan para ti o xoves.

CORRE, CORRE, CORRE  
O COLEXIO DE ARES  
O CONDE DE FENOSA  
ATA CHEGARNON PARES (bis)


Gracias a todos vós non vos perdemos de vista tamén gracias a todos ós que ledes a revista.

CORRE, CORRE, CORRE,  
O COLEXIO DE ARES  
O CONDE DE FENOSA  
ATA CHEGAR NON PARES

8<sup>a</sup> Conde de Fenosa -Ares

### OS MAIOS

Traemo-los "maios"  
da vila de Ares  
imos amosándoos  
por varios lugares.




Os "maios" floridos  
en andas levamos  
i-estaremos ledos  
se cartos xuntamos.




Maio mariñeiro  
da linda barquiña  
con brancas gaivotas  
e unha andoriña.

Maio mariñeiro  
do brillante faro  
e antergo cruceiro  
benedcindo a nao.



Levamo-los maios  
os nenos de Ares  
ímolos cantando  
por rúas e bares.

Se lles gustan moito  
deannos cartiños ...  
e seremos sempre  
os seus amiguiños.



*mestras e alumnos  
Malo dos Rapaces (5º)*

### UNHA NOTICIA TOLA

O día 175 de maio nesta nosa bisbarra, debido á gran sequía existente, desbordáronse os camiños.

Levaron ó seu paso tres pontes, dúas casas e un avión que voaba por aquí, á Coruña.

Os bombeiros rápidamente apagaron a riada botándolle o paso 50 toneladas de memelada. O burro máis vello do lugar, salvouse gracias as súas potentes ás. Houbo dez feridos e medio .... pero dixo o macánico que estaban fora de perigo.

*5º A Unión Mugardesa*



### SON LIBRE

Eu son libre,  
gustame ser así  
e non quero cambiar  
por nada do mundo  
a miña situación.  
Pero quero paz,  
moita paz.  
Gústame a paz  
e a liberdade  
insisto  
non quero cambiar

*Margarita*

*6º B U. Mugardesa*

### EU SON NENA

Eu son nena,  
estou leda de selo,  
teño dúas pernas  
e un longo cabelo.

Teño moitos amigos,  
metade nenas,  
metade nenos

¿Que por qué?

Porque somos nenos.  
Os nenos, simpáticos,  
as nenas tamén,  
algúns van á misa  
e non din amén.

Porque somos nenos  
Todos estudiamos moito,  
algúns sen vos resultados  
pero seguímolo intentando.

PORQUE SOMOS NENOS

*Xulla Vidal*

*6ºB U. Mugardesa*




## COMPRO

Compro a lúa e mallo mar, compro casas sen solar, compro eirexas no luar.

Compro libros, e compro algúns acevros, compro algún que outro soporte, e, ¿cómo non? compro a sorte, o que non compro é a morte.

Compro a bondade, rechazo á maldade, pero compro auga potable. Xulia V.

6ªB U. Mugardeza



Vai un home nun Ferrari a 250 Km/h., e ve un cartel na estrada que dí: "Reduza a 150 Km"; o home reduce e sigue. Un pouco máis para diante encontra outro que pon: "Reduza a 100 Km.". O home reduce e segue. Máis adiante atopa outro: "Reduza 10 Km. O home xa todo mosqueado, reduce e segue, e, de alí a unha hora ve outro cartel que pon:

"Benvido a Reduza"

Vai un 600 pola estrada, a modiño, e pásalle un Ferrari polo lado e dílle o do Ferrari: "500 cabalos". O do 600 segue adiante sen facer caso, e pasa outro Ferrari, e dílle ó do 600: "500 cabalos". De alí a un pouco pasa o 600 por riba dunha ponte, e ve ós dous Ferraris caídos no río, entón, dí o do 600: "Qué, ¿dándolle de beber ós cabalos?"

María, María, agora que estou morrendo dime:

¿Engañáchesme algunha vez?  
¿E se non morres?

Entra un home nun bar e pregunta:

¿Cánto vale o menú?  
3000 pesetas  
¿Vóstedes é o camareiro?  
Non son o ladrón.

5ªB Conde de Fenosa

Este é un que lle nombran César, e dí un:

- Ave César:  
- Abre tí, que estás máis cerca

José Ramón Fuentes 3ª A

¿Sabedes cómo dñn os árabes: "Tira o cigarro?"

"Aliventeupai".

Está un cazador naselva, e, desúpeto, atópase cun león moi grande, e déuse conta de que tiña a escopeta encasquilada. Axeonllóuse e dixo: "Señor, fai que este animal teña sentimentos cristiáns".

E vai o león, arrodíllase e dí: "Señor, bendice estes alimentos que vou tomar".

Érase unha vez un home que estaba a morrer; e chamou a toda a familia e amigos, e dixo:

- ¡Monteza, bícame a cabeza". E Monteza bicou.  
- "Vicente, bícame a frente". E Vicente bicou.  
- Montolla, bícame a ... ¡Montollal, ¿Onde vas, Montolla?.

Un rapaz vai pola rúa, e, un grandullón faino tropezar. O rapaz levántase todo confiado e dí: "Vinte, vinte". O grandullón dáse a volta e dílle ó rapaz: "Vinteún, vintedous ...".

Sae un mexicano dun bar e atopa o seu cabalo pintado de verde, e dí: "¿Quén pintou o cabalo de verde?"

Non respostou ninguén. Replite:

- "¿Quén pintou o cabalo de verde?"

E sae un xigantón, e dí:

- "Fun eu, ¿por qué?"

E o mexicano dí:

- "Para que lle dea a segunda man".

Había un científico que estaba facendo un experimento cunha araña.

Cortóulle unha pata e chamou pola araña, e a araña fol. Anotouno no seu caderno. Despois cortóulle dúas patas, e sempre có mesmo resultado:

A ARAÑA ACUDIA Á CHAMADA.

Por fin, chegou á última pata, cortóulla e chamou por ela, pero esta vez, a araña quedou quileta; e o científico anotou no seu caderno:

"Se a unha araña se lle cortan as oito patas, queda xorda".

Vai un mexicano baixiño a un bar e dí:

"déame un tequila". E ninguén lle facía caso. Repite: "déame un tequila". E nada. E repetiu de novo: ¡¡Déame un tequilal! Entón un grandullón dixo: "o tequila é para os homes". O pequeno di: "Si, ¿ves aquela mosca?. Xa non voa". O grande: "¿Ves o mosquito?. Xa non voa". O pequeno: "Mira aquel ... segue voando". Dí o grande. E dí o pequeno: "Pero xa non terá máis fillos"

Fernando Pena Vázquez  
1ª BUP (Mugaridos)


## COMPRO

Compro a lúa e mallo mar, compro casas sen solar, compro eirexas no luar.

Compro libros, e compro algúns acevros, compro algún que outro soporte, e, ¿cómo non? compro a sorte, o que non compro é a morte.

Compro a bondade, rechazo á maldade, pero compro auga potable. Xulla V.

6ºB U. Mugardesa



Vai un home nun Ferrari a 250 Km/h., e ve un cartel na estrada que dí: "Reduza a 150 Km."; o home reduce e sigue. Un pouco máis para diante encontra outro que pon: "Reduza a 100 Km.". O home reduce e segue. Máis adiante atopa outro: "Reduza 10 Km. O home xa todo mosqueado, reduce e segue, e, de alí a unha hora ve outro cartel que pon:

"Benvido a Reduza"

Vai un 600 pola estrada, a modiño, e pásalle un Ferrari polo lado e dílle o do Ferrari: "500 cabalos". O do 600 segue adiante sen facer caso, e pasa outro Ferrari, e dílle ó do 600: "500 cabalos". De alí a un pouco pasa o 600 por riba dunha ponte, e ve ós dous Ferraris caídos no río, entón, dí o do 600: "Qué, ¿dándolle de beber ós cabalos?"

María, María, agora que estou morrendo díme:

¿Engañáchesme algunha vez?  
¿E se non morres?

Entra un home nun bar e pregunta:

¿Cánto vale o menú?  
3000 pesetas  
¿Vostede é o camareiro?  
Non son o ladrón.

5ºB Conde de Fenosa

Este é un que lle nombran César, e dí un:

- Ave César:  
- Abre í, que estás máis cerca

José Ramón Fuentes 3º A

¿Sabedes cómo dín os árabes: "Tira o cigarro?"

"Aliventeupai".

Está un cazador na selva, e, de súpeto, atópase cun león moi grande, e déuse conta de que tiña a escopeta encasquillada. Axeonllóuse e dixo: "Señor, fai que este animal teña sentimentos cristiáns".

E vai o león, arrodillase e dí: "Señor, bendice estes alimentos que vou tomar".

Érase unha vez un home que estaba a morrer; e chamou a toda a familia e amigos, e dixo:

- ¡Monteza, bícame a cabeza". E Monteza bicou.

- "Vicente, bícame a frente". E Vicente bicou.

- Montolla, bícame a ... ¡Montolla!, ¿Onde vas, Montolla?.

Un rapaz vai pola rúa, e, un grandullón faino tropezar. O rapaz levántase todo confiado e dí: "Vinte, vinte". O grandullón dáse a volta e dílle ó rapaz: "Vinteún, vintedous ...".

Sae un mexicano dun bar e atopa o seu cabalo pintado de verde, e dí: "¿Quén pintou o cabalo de verde?".

Non respostou ninguén. Replite:

- "¿Quén pintou o cabalo de verde?"

E sae un xigantón, e dí:

- "Fun eu, ¿por qué?".

E o mexicano dí:

- "Para que lle dea a segunda man".

Había un científico que estaba facendo un experimento cunha araña.

Cortoulle unha pata e chamou pola araña, e a araña fol. Anotóuno no seu caderno. Despois cortoulle dúas patas, e sempre có mesmo resultado: A ARAÑA ACUDIA Á CHAMADA.

Por fin, chegou á última pata, cortoulla e chamou por ela, pero esta vez, a araña quedou quieta; e o científico anotou no seu caderno:


"Se a unha araña se lle cortan as oito patas, queda xorda".

Vai un mexicano baixiño a un bar e dí:

"déame un tequila". E ninguén lle facía caso. Repite: "déame un tequila". E nada. E repetiu de novo: ¡Déame un tequilal! Entón un grandullón dixo: "o tequila é para os homes". O pequeno dí: "Si, ¿ves aquela mosca?. Xa non voa". O grande: "¿Ves o mosquito?. Xa non voa". O pequeno: "Mira aquel ... segue voando". Dí o grande. E dí o pequeno: "Pero xa non terá máis fillos"

Fernando Pena Vázquez  
1º BUP (Mugardos)

# Pasa-Tempos




Busca nesta sopa de letras  
oito palavras relacionadas  
com Fermín Bouza Brei

Sopa de letras

Soluções:  
Rosalia, Sefura, dereito, ranteiros,  
Porteareas, enigrafo, arqueologia, Literatura

## XEROGLIFICO




¿Onde nasceu Fermín Bouza Brei?

Soluções: Utopias, En

ONDE DE FENOSA

Pasa do medio dun círculo ó medio do  
outro círculo



### SOPA DE LETRAS


No cadro seguinte atopa oito  
lambetadas do carnaval

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | L | L | E | R | O | P | I | C | N | T | A | L | L |
| A | C | R | O | S | Q | U | I | L | L | A | O | M | P | R |
| L | T | S | V | X | A | L | S | B | X | N | R | C | A | F |
| N | I | O | A | T | R | Z | O | M | O | L | R | E | N | C |
| A | R | M | R | A | G | B | L | C | H | V | A | M | T | C |
| V | O | X | N | T | O | D | E | C | E | T | D | A | V | H |
| E | O | L | G | X | A | R | V | F | T | Q | A | D | I | V |
| N | A | V | L | X | A | S | Ñ | X | R | O | S | P | M | L |
| P | I | K | O | I | L | R | V | A | C | M | E | E | C | A |
| K | O | P | N | O | F | P | B | F | R | E | I | X | O | S |

### ADIVIÑA

¿Que é, que é?  
que sendo redonda  
escapa da tixola  
sen ter pés.

### CRUCIGRAMA



1.-Restos do entroido despois de queimado. 2.-Comida que acompaña ó lacón.  
3.-Nome que se lle dá ó entroido. 4.-Comida típica do carnaval. 5.-O que fala  
vltiva do entroido despois de que este morre. 6.-Lugar do mundo famoso polo  
seu carnaval. 7.-Disfraz típico galego. 8.-Conxunto de persoas disfrazadas que  
cantan no carnaval. 9.-Tipo de canción que se canta no carnaval. 10.-Rogar polo  
entroido.

8ª Conde do Fenosa-Ares.




# MAPFRE GRUPO ASEGURADOR

A SU SERVICIO EN:

C/ LOS ANGELES, 78  
Teléfono 44 83 53 - ARES

Avda. DE GALICIA, 15  
Teléfono 47 21 77 - MUGARDOS

# ACCION EN GALICIA



Museo da Pontevedra que como tódolos Museos de Galicia recibe axuda da nosa fundación.

# CULTURA

Entre tódolos galegos contruímos un gran banco en Galicia. Hoxe un dos bancos máis sólidos de España é galego. O Banco Pastor.

A través da nosa Fundación Pedro Barrié de la Maza, actuamos decididamente no campo da CULTURA, traballando día a día para que cada xeración acadese un pouco máis.

- Publicación de máis de 300.000 exemplares de 115 libros que abarcan as máis diversas áreas da cultura de Galicia, e que obtiveron premios tanto galegos como de carácter nacional.
- Aportacións para a adquisición e enriquecemento dos fondos artísticos dos museos galegos.

■ Subvencións para as actividades de entidades culturais e Academias Galegas.

■ Doazón de máis de 56.000 libros para a promoción de 1.400 bibliotecas galegas en Asociacións, Centros Culturais e Educativos.

■ Creación e apoio a arquivos para salvagarda-lo noso patrimonio bibliográfico e documental.

Unha decidida acción en Galicia da que tódolos galegos somos beneficiarios.



**Banco Pastor**  
ACCION EN GALICIA